

CERTAME DE NARRACIÓN E DEBUXO INFANTIL

Letras Galegas 2021

-Convocatoria Local -

A BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL DE BURELA convoca o CERTAME DE NARRACIÓN E DEBUXO INFANTIL LETRAS GALEGAS 2021 (Fase Local), de acordo coas seguintes bases:

- 1.- Poden participar todas as nenas e nenos con:
 - **A) Narracións**, en galego, cunha extensión máxima dun folio por unha soa cara, sobre o tema: “**O dereito das nenas e nenos a participar na vida cultural. (Art. 31 Convención sobre os Dereitos do Neno).**”
 - **B) Debuxos**, feitos sobre cartolina de tamaño aproximado de DIN A4, sobre o tema: “**O dereito das nenas e nenos a participar na vida cultural. (Art. 31 Convención sobre os Dereitos do Neno).**”
- 2.- Cada autor pode presentar cantos traballos desexe, mecanografados, escritos a computador ou a man; neste último caso sempre a bolígrafo e nunca a lapis. Con cada traballo, acompañarase unha folla co nome e demais datos do autor.
- 3.- Establécense tres categorías: **A**, ata 8 anos, **B**, de 9 a 11 anos, **C**, de 12 a 16 anos.
- 4.- O prazo de presentación dos traballos rematará o vindeiro **7 de maio**, debendo ser entregados polos seus autores na BIBLIOTECA MUNICIPAL.
- 5.- O xurado, formado por persoas entendidas na materia, seleccionará por cada modalidade e categoría un máximo de tres traballos.
- 6.- O fallo do xurado local farase público antes do DÍA DAS LETRAS GALEGAS.
- 7.- Os traballos premiados nesta fase local participarán na fase provincial do Certame, convocada pola Biblioteca Pública de Lugo, co patrocinio da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia.
- 8.- Os traballos premiados pasarán a ser propiedade da Biblioteca Pública que se reserva o dereito de publicación dos mesmos.
- 9.- Todas as incidencias non previstas nestas bases serán resoltas polo xurado.
- 10.- A presentación das obras a este Certame supón a aceptación das presentes bases.

FOLLA DE DATOS PERSONAIS DOS PARTICIPANTES

Nome e apelidos.....

Idade.....

Enderezo.....

.....

Teléfono.....

Curso.....**Colexio**.....

.....

Biblioteca Pública Municipal de Burela.....